

ATA A FIN DO MUNDO 1288

Viggo Mortensen, 2023

ESTREA EN NUMAX: 10.05.2024 | V.O. | +12 | 129 min

Estados Unidos, 1860. Vivienne Le Coudy é unha muller independente que se embarca nunha relación co inmigrante danés Holger Olsen. Xuntos, empezan unha nova vida preto da tranquila vila de Elk Flats, Nevada. O estalido da Guerra de Secesión sepáraos cando Holger decide loitar pola Unión e deixar a Vivienne á súa sorte nun lugar controlado polo corrupto alcalde Rudolph Schiller, o seu socio sen escrúpulos, o poderoso rancheiro Alfred Jeffries e o seu violento e caprichoso fillo Weston.

«O western máis romántico
(e realista) dos nosos tempos»

Savina Petkova, CINEUROPA



Entrevista a Viggo Mortensen: «Con Vicky Krieps todo resulta moi poderoso e puro»

Por Savina Petkova

Ata a fin do mundo non é o típico western... Díxome iso moita xente, que non adoitan ver filmes do Oeste, pero que este lles gustou, así que iso é bo! É certo que xa non se fan tantos *westerns*...


Tiñas un interese particular polo xénero? Cando comecei a ver filmes de neno, con catro ou cinco anos, aínda se proxectaban algúns *westerns* nos cinemas, a diferenza de hoxe en día, que é moi raro. Gústanme polas historias, pero sei que non sempre son boas. Con *Ata a fin do mundo*, quería facer un filme que fose como os mellores *westerns* clásicos, rodado dunha forma que parece fácil, pero que en realidade non o é.

Por que a ambientación de época encaixaba especialmente coa historia de Vivienne? Gústanme o xénero e o cinema de época, pero tamén me gusta moito o feito de que, en certo sentido, é principalmente unha historia sobre unha muller que creou os seus propios límites. Naquela época, as regras non estaban claras, incluso menos que hoxe en día. Había moita corrupción, moita violencia, e todo estaba dominado polos homes. Este é un filme sobre unha muller que pertence á súa época, pero que é independente e que se coñece a si mesma.

Isto tamén xera unha certa tensión narrativa, case de forma automática... Si, en todos os filmes dramaticamente interesantes ocorre algo inusual. Entón preguntáste polos personaxes como persoas, quizais incluso te pos no seu lugar. Como van enfrontarse a esta complicada situación? Van aceptala? Van resistirse? Van comportarse mal cando xurda outro problema? Ou van encontrar a maneira de afrontalo? Se cometen un erro, intentarán emendalo? Todo iso é parte da historia, que trata sobre unha relación.

Moitas veces, Vivienne e Holger enfróntanse a iso a través do silencio... Iso é moi importante! Na miña opinión, un dos momentos máis relevantes para Vivienne ocorre no salón. Hai unha escena, algún tempo despois de que teña lugar algo horrible con Weston, na que el se comporta moi mal, como de costume, pero entón di algo. Equivócase, ela corríxeo, e entón el míraa e ela aguántalle a mirada. Isto continúa durante un anaco. Con alguén que non fose tan boa como Vicky, sería imposible manter a escena durante tanto tempo. Afortunadamente, con ela todo resulta moi poderoso e puro.

Es moi concreto en canto ao fondo destes personaxes: de onde veñen, que dialectos falan... Por que era importante para ti ter estes dous personaxes tan claramente definidos da Nevada de 1860? En parte porque daquela a rexión xa era un crisol de culturas. Era normal escoitar acentos irlandeses, escoceses, ingleses e daneses, tamén franceses ou chineses. Así eran as cousas. E agora aínda máis. Só a xente que o nega por razóns políticas, ou por ignorancia, por razóns ideolóxicas, nacionalistas ou conservadoras, di cousas como: “Alemaña para os alemáns!”. Pero que significa iso, só para os cristiáns brancos? Ou “España para os españois!”. É ridículo dicir iso de Alemaña, España ou Estados Unidos, porque durante séculos houbo moitas culturas involucradas; e cada día máis. Insistir en que existe unha regra de pertenza é asumir unha negación completamente irreal.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Falling,
Viggo Mortensen.
Cameo [DVD]

El poder del perro,
Thomas Savage.
Alianza Editorial, 2021

Los galgos, los galgos,
Sara Gallardo Drago Mitre.
Malas Tierras, 2021